

TITIRICIRCUS

UNIDADE DIDÁCTICA



TANXARINA TÍTERES

DESCRIPCIÓN

ANTES DA REPRESENTACIÓN

- Que é o que imos ver?
- De que trata?.
- Cuestionario.

DESPOIS DA REPRESENTACIÓN

- Cuestionario.
- Realización de fichas.
- Actividades circenses (Opcional).
- Posta en escena (Opcional).

IMPRIMIR PARA O ALUMNADO AS PÁXINAS: 5 e 6

DESTINATARIOS

- Nenos /as de 6, 7 e 8 anos.

TEMPORIZACIÓN

- 1ª Opción (sen actividades circenses): 1 hora.
- 2ª Opción (con actividades do circo): 3 horas.

OBXECTIVOS XERAIS

- Interactuar co medio que nos rodea
- Expresar estados de ánimo e sensacións. Coñecemento de si mesmo
- Incentivar a imaxinación.
- Obter coñecementos mediante manualidades e relacionalos coas diferentes áreas.
- Desenvolver a coordinación, o equilibrio e a concentración do alumnado.
- Coñecer formas de expresión.
- Fomento da linguaxe oral e escrita e o vocabulario do tema a tratar.
- Conceptos matemáticos espazo- temporais.

ANTES DA REPRESENTACIÓN

1.- QUE É O QUE IMOS VER?

Unha representación da compañía de Títeres TANXARINA que ten por título “TITIRICIRCUS”.

2.- DE QUE TRATA TITIRICIRCUS?

É a historia de dous vellos traballadores dun circo (actores) que nos contan, mediante marionetas de fíos, os números máis importantes de aquel antigo circo xa desaparecido.

Veremos ao home máis forte da Península Ibérica; ao malabarista máis divertido do mundo, a un faquir encantador de serpes e un habilidoso monociclista.

3.- FACER UN TEXTO-REDACCIÓN QUE RESPONDA ÁS SEGUINTE CUESTIÓNES.

- 1.- Fuches ao circo algunha vez?.
- 2.- Como é?
- 3.- Que artistas había? . Qué facían?
- 4.- Había animais?
- 5.- Viches algún espectáculo de títeres ou monicreques ?. Onde?
- 6.- Sabes como se chaman os/as que traballan cos títeres ou monicreques?
- 7.- Coñeces diferentes clases de títeres ou monicreques?

DESPOIS DA REPRESENTACIÓN

1.- RESPONDER ÁS SEGUINTE PREGUNTAS SOBRE O TITIRICIRCUS

1.- Como era o circo das marionetas, tiña teito? Era de cores?

Había música?

2.- Como é unha marioneta? Quen a move?

3.- Tiña pallasos o circo das marionetas? Que facían?

Como ían vestidos?

4.- Eles contaban a historia e movían as marionetas. Como as movían?

5.- Que marionetas había? . Cales che gustaron? . Por que?

6- Bigotini, o forzado.

Como se chamaba?. Sabes por que?. Por que era tan forte? .

Que era o que levantaba?.

7.- O faquir Palindranat e a serpe.

Que pasaba coa serpe?. Alguén se asustou cando apareceu?

Que fixo o faquir?. Recordas cal era o nome da serpe?

Lembras como se chamaba o faquir?

8.- Tato, o pallaso malabarista.

Gustábanlle os aplausos a Tato?. Con que xogaba?

Que facía coas pelotas, onde as colocaba?

9.- Venancio, o monociclista.

Cómo é un monociclo?. Sabía andar ben no seu monociclo?.

Por onde pasaba? e por que caeu?. Como lle axudaches a saltar?

Que fixo co neno/a que subiu ao escenario?

2.- BUSCA NESTA SOPA DE LETRAS OS SEGUIENTES PERSONAXES:

VENANCIO

TATO

PALINDRANAT

BIGOTINI

R	A	V	N	C	K	T	I	O	R	P
P	D	E	S	K	R	H	B	V	A	S
O	X	N	M	R	S	E	T	L	T	O
L	T	A	T	O	R	T	I	A	I	B
Ñ	D	N	B	I	X	N	G	N	P	I
L	A	C	I	R	D	S	I	R	O	C
C	E	I	T	R	B	T	Q	M	A	O
I	N	O	A	C	O	Z	A	N	D	H
Z	E	N	J	G	O	A	E	S	C	O
E	A	T	I	T	O	C	A	Ñ	O	R
T	I	B	R	E	H	U	N	B	W	X

3.- UNE MEDIANTE FRECHAS.

MALABARISTA	PALINDRANAT
FORZUDO	VENANCIO
FAQUIR	BIGOTINI
MONOCICLISTA	JOSEFINA
SERPE	TATO

**4.- REALIZAR UN DEBUXO: O CIRCO (Utiliza a parte traseira do folio),
OU FACER UN CÓMIC NARRANDO A REPRESENTACIÓN.**

5.- COLOREA, RECORTA E UNE ESTE PALLASO CON FÍOS.



ACTIVIDADES CIRCENSES

1.- CONSTRUCCIÓN DE BANDEIROLAS PARA O DECORADO

TEMPORIZACIÓN: 30 minutos.

MATERIAL: Folios, lapis de cores, tesoiras, corda e pegamento.

REALIZACIÓN: 1º Pintamos triángulos sobre os folios.
2º Decorámoslos con cores.
3º Recortamos e pegamos os triángulos na corda. Podemos facelo seguindo series consensuadas.

Esta actividades pode facerse en grupo ou individualmente.

EXEMPLO:




2.- CONSTRUCCIÓN DE PELOTAS PARA FACER MALABARES

TEMPORIZACIÓN: 30 minutos.

MATERIAL: 6 globos por neno/a, arroz, tesoiras, botella de auga pequena.

REALIZACIÓN: 1º) Para encher os globos co arroz axudámonos coa botella de auga (esta córtase pola metade). Ponse a boca do globo no morro da botella, bótase nela o arroz e sóprase para que entre dentro do globo.
2º) Unha vez cheo o globo, átese e córtase o nó para que non quede ningún vulto.
3º) Despois debemos poñer ese globo dentro de outro e facer o mesmo que co primeiro, (atalo e cortar o nó). Con isto, estará feita a primeira pelota, e así realizar o mesmo coas outras dúas.




PREPARAR UNHA REPRESENTACIÓN



MALABARES

EXERCICIOS CUNHA PELOTA.

- Cunha pelota na man, tes que lanzala e volver a collela coa mesma man, lanzándoa a diferentes alturas. Realiza este exercicio dez veces con cada man.
- Colle a pelota coa man dereita lánzala e recóllea coa esquerda, intenta que a traxectoria sexa parabólica, é dicir como o debuxo de abaixo. Fai este exercicio dez veces con cada man.



- Colle cunha man unha pelota e tirla á teu compañeiro/a, cando este a recolla volverá a lanzarcha. Neste exercicio non pode caer a pelota ao chan.

EXERCICIOS CON 2 PELOTAS.

- O primeiro exercicio que realizaremos será o seguinte: colle cunha man unha pelota e tirla ao teu compañeiro/a, este terá na súa man outra pelota que te lanzara a ti. Poñédevos de acordo para facer o lanzamento ao mesmo tempo. Ningún debe deixar que a pelota caia ao chan.
- Agora facede un círculo. Hai dúas pelotas o máis dentro de este círculo que teremos que lanzar aos nosos compañeiros/as. Todos debemos estar moi atentos xa que ninguén pode dicir a quen lla vai lanzar. Comunicarémonos coa mirada.



EQUILIBRISMOS

CAMIÑAR SOBRE UNHA LIÑA

Para realizar este exercicio é preciso pintar no chan unha liña recta. Despois, colocámonos ao inicio da liña e andamos sobre ela ata o final sen perder o equilibrio e colocando un pé diante do outro.

CAMIÑAR SOBRE UNHA LIÑA CUN OBXECTO SOBRE A CABEZA

Realizamos o exercicio ao igual que o anterior pero esta vez, coa dificultade de levar algo na cabeza.

CAMIÑAR SOBRE UNHA LIÑA COS BRAZOS ESTENDIDOS SOPORTANDO UN PESO

Facemos o exercicio ao igual que o anterior pero esta vez, coa dificultade de levar un peso nas mans (por exemplo libros).

MÍMICA

EXPRESAR ESTADOS DE ÁNIMO Y SENSACIONES.

Redactar entre todo o alumnado unha lista na que aparezan diferentes estados de ánimo y sensacións. Formamos dous grupos. Cada grupo terá que representar mediante mímica algún estado de ánimo ou sensación que estean na lista que confeccionamos anteriormente, como por exemplo: felicidade, tristura, cansazo, enfado... e o resto dos compañeiros/as terán que adiviñalo.

REPRESENTAR OFICIOS DO CIRCO.

Faremos o mesmo que no exercicio anterior pero esta vez con oficios do circo como por exemplo: domadora, pallaso, equilibrista, malabarista...



MONTAMOS O NOSO CIRCO

Nesta última actividade imos poñer en práctica todas as actividades realizadas nesta ficha didáctica.

- 1º Colocaremos las bandeirolas (recordando como estaban colocadas no Titiricircus).
- 2º Asignaremos ao alumnado diversos oficios relacionados co circo.
- 3º O profesorado realizará unha selección musical para a representación.
- 4º Podemos invitar a outros alumnos/as, pais, nais, etc ... para que veñan ver o noso circo.



AVALIACIÓN

Tendo en conta que as actividades realizadas implican diferentes áreas do currículo escolar, poderemos avalialas por áreas en particular ou dun xeito global.

Esta é unha proposta de algúns aspectos que poden ser avaliábles.

COÑECEMENTO DE SI MESMOS.

- Grao de desenvolvemento da capacidade de atención e observación.
- Socialización, é capaz de escoitar, cumpre as regras e normas, nivel de relación cos iguais, a realización das tarefas propostas, o grao de implicación nas actividades.

O MEDIO SOCIAL.

- A poboación e as actividades económicas. Os oficios.

LINGUAXE PLÁSTICA E MÚSICAL.

- Elementos formais na composición plástica. As imaxes no plano. Capacidade de atención e escoita activa. Percepción de estruturas rítmicas. Entoación.

LINGUAXE CORPORAL.

- Control e movemento rítmico. Psicomotricidade. Iniciación ao xogo dramático. Coñecemento de técnicas dramáticas (monicreques, actores...).

E. FÍSICA.

- Competencia motora. Destrezas de lanzamento e recollida. Desprazamentos e equilibrios con e sen obxectos. Independencia das diferentes partes do corpo.

L.GALEGA e L. CASTELÁ.

- Comprensión e expresión oral. Uso da escritura con coherencia e corrección para narrar e describir a experiencia. O cómic. Proceso de paso da linguaxe non verbal á verbal (oral ou escrita). Coñecemento do vocabulario propio da actividade.

MATEMÁTICAS.

- As magnitudes, procedementos de medicións (tempo, espazo). Formas xeométricas e situacións espaciais (as secuencias...).